

PRÁCTICA I: a Wikipedia

“O que oes, esquécelo; o que ves, lémbalo; o que fas, apréndelo”
Proverbio chinés

Obxectivos	Contido
Tomar contacto coa wikipedia: ✓ Usándoa como recurso de busca e investigación. ✓ Aprendendo a crear unha conta de usuario. ✓ Editando contido.	1. Busca de información 2. Crear unha conta de usuario 3. Zona de probas 1. Crear texto 2. Enlazar con outras páxinas, internas e externas.

Enunciado

Xa que a Wikipedia é o wiki público máis grande de Internet utilizarémola como recurso para aprender máis sobre os wikis en xeral.

Busca de información

O primeiro que imos facer é buscar información sobre a Costa da Morte. Calquera cousa que se vos ocorra serve. Para facer unha busca segue os seguintes pasos:

1. Abre o teu navegador.
2. Conéctate a www.wikipedia.org e escolle o idioma español (se queres acceder á galipedia vai á dirección gl.wikipedia.org)

Agora imos buscar información sobre a Costa da Morte. O xeito máis doado de facelo é introducir unha palabra de busca na caixa de texto, na esquerda da páxina, e premer no botón de busca. Tamén podemos premer nunha das categorías listadas na parte dereita da páxina ata chegar a onde desexemos:

Menú de busca

Categorías

3. Introduce, por exemplo, o texto “Costa da morte” (sen as comiñas)

Crear unha conta de usuario

A meirande parte das entradas da Wikipedia poden ser editadas libremente por calquera, sen necesidade de rexistrarse no proxecto. Con todo, nós crearemos unha conta para maior comodidade, xa que permite facer seguimentos das nosas contribucións, ter artigos vixiados e cambiar as preferencias, entre outras cousas.

Segue os seguintes pasos:

1. Preme na palabra **Rexistro** na parte superior dereita da pantalla:



2. Agora preme na ligazón **Cree unha conta**:

[páxina especial](#)

Rexistro

Na Galipedia, a wikipedia en galego.

Acceder ao sistema

Non está rexistrado? [Cree unha conta.](#)

Debe habilitar as cookies para acceder a Wikipedia.

Lingua: [Deutsch](#) | [English](#) | [Esperanto](#) | [Español](#) | [Français](#) | [Galego](#) | [Italiano](#) | [Nederlands](#) | [Português](#)

Nome de usuario:

Contrasinal:

☐ Lembrar o meu contrasinal neste ordenador

Acceder ao sistema

Enviádeme un contrasinal novo por correo

- Na seguinte pantalla temos que introducir algúns datos. Para evitar o rexistro automático tamén temos que introducir na caixa, manualmente, o texto nebuloso que vemos en pantalla:

Para contribuír contra a creación automatizada de contas, introduza as palabras que aparecen na caixa de embaixo ([máis información](#)):

avoidtrips

Lingua: [Deutsch](#) | [English](#) | [Esperanto](#) | [Español](#) | [Français](#) | [Galego](#) | [Italiano](#) | [Nederlands](#) | [Português](#)

Nome de usuario:

Contrasinal:

Insira o seu
contrasinal outra
vez:

Correo electrónico:

O enderezo de correo electrónico é opcional, pero permite que se lle envíe un contrasinal novo se se esquece del. Tamén pode deixar que outras persoas se poñan en contacto con vostede desde a súa páxina de usuario ou de conversa sen necesidade de revelar a súa identidade.

☐ Lembrar o meu contrasinal neste ordenador

Crear unha conta nova

- Se todo foi correctamente aparecerá unha ventá na que se nos pide que leamos o correo-e que introducimos anteriormente para confirmar o rexistro.
- Conectámonos ao noso correo-e e deberíamos ter un e-mail similar ao seguinte:

De	wiki@wikimedia.org
Enviado	Mércores, Setembro 16, 2009 2:02 am
Para	Cursowiki <jesusav@edu.xunta.es>
Asunto	Wikipedia - Verificación do enderezo de correo electrónico

Alguén, probablemente vostede, desde o enderezo IP 77.27.1.250, rexistrou a conta "Cursowiki" con este enderezo de correo electrónico en Wikipedia.

Para confirmar que esta conta realmente lle pertence e así poder activar as funcións de correo electrónico en Wikipedia, abra esta ligazón no seu navegador:


<http://gl.wikipedia.org/wiki/Special:ConfirmEmail/7324ad67f39e31bd7b4b6039d276395c>

Se *non* rexistrou a conta siga estoutra ligazón para cancelar a confirmación do enderezo de correo electrónico:

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Special:Invalidateemail/7324ad67f39e31bd7b4b6039d276395c>

Este código de confirmación caducará o 23 setembro 2009 ás 00:02.

- Unha vez que premamos na ligazón xa teremos creada a conta e poderemos editar sen problemas. Para entrar co noso usuario cada vez que nos conectemos hai que introducir o nome de usuario e clave dende a páxina principal premendo en rexistro:



Suxestión:

O proceso de rexistro ten a vantaxe de que se pode centralizar, é dicir, serve para todas as Wikipedias (español, galego, inglés, francés, etc.) e todos os proxectos da Fundación Wikimedia. Só tes que activar a opción nas túas preferencias.

Área de probas


Antes de empezar a editar artigos ou crealos novos convén traballar un pouco na área de probas.

Imos aprender como:

- Crear texto
- Enlazar con outras páxinas

Para crear texto segue os seguintes pasos:

1. Co teu navegador conéctate á ligazón http://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Zona_de_probos, se estás na Galipedia, ou a http://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Zona_de_pruebas, se estás na Wikipedia en español. Deste xeito accederás á páxina de probas. Unha vez nela tes que premer no botón editar, na parte superior para poder empezar a “xogar”:



2. Abrirase unha nova páxina cun gran espazo en branco no medio. Aquí é onde teclearemos o noso texto e faremos probas. Introduce, por exemplo, a frase, Esta é unha páxina de proba de <o teu nome>. E preme no botón Gardar a páxina, abaixo:




Noraboa! Acabas de editar a túa primeira entrada na Wikipedia.

O texto que acabas de editar pode “enriquecerse” empregando a barra de formatado que tes enriba da caixa de edición, para darlle un aspecto máis vistoso. Funciona dun xeito moi similar ao que sería un editor de textos, como o OpenOffice ou o Word. Esta barra tamén serve para crear ligazóns a outras páxinas, como veremos en breve:



Para, por exemplo, poñer en negra o texto que acabas de escribir (ou calquera outro que vexas na páxina), segue os seguintes pasos:

1. Selecciona o texto co rato.
2. Preme na icona que ten a letra B (de **Bold** en inglés). O texto que seleccionaches ten agora tres apóstrofos ao principio e tres ao final. Esta é a marca, ou código, que lle indica á Wikipedia que amose o texto como negriña, tal e como vemos na captura de pantalla:



3. Preme no botón Gardar a páxina, abaixo para ver os cambios.

Exercicio.


- Borra os apóstrofos da proba anterior e comproba que a negriña desaparece.
- Pon un texto en cursiva (Itálica).

Nalgún momento pode interesarche vincular a túa páxina con outra para que, por exemplo, se poida ampliar información. Hai varios tipos de ligazóns que se poden crear na Wikipedia e nun Wiki:

- Ligazón a outra entrada da propia Wikipedia
- Ligazón a un sitio Web externo á Wikipedia

Para crear unha ligazón a outra entrada dentro da Wikipedia segue os seguintes pasos:

1. Crea un texto na páxina de probas que se chame A miña primeira ligazón.
2. Selecciona o texto ligazón co rato e preme na icona.
3. Observa como o texto aparece agora con dous corchetes dobres ao redor del. Iso indicalle á Wikipedia que é un vínculo con outra páxina:



4. Preme no botón Gardar a páxina, abaixo para ver os cambios.

O texto aparece agora coa palabra ligazón en azul. Se premes sobre ela co rato accederás á páxina correspondente dentro da Wikipedia.

Se o texto aparecera en vermello, no canto de aparecer en azul, indicaría que a páxina non existe na Wikipedia. Premendo nel obteríamos unha páxina baleira que, por suposto, podemos editar!

Para crear unha ligazón externa segue os seguintes pasos:

1. Escribe, por exemplo, o texto Isto é unha ligazón externa.
2. Selecciona o texto ligazón externa e preme na icona
3. Aparecerá un corchete a cada lado do texto.
4. Pon o cursor detrás do primeiro corchete e copia unha páxina Web externa, por exemplo, <http://www.delicious.com>. Deberías ter en pantalla algo similar ao seguinte:

Isto é unha [http://www.delicious.com ligazón externa].

5. Preme no botón **Gardar** a páxina, abaixo, para ver os cambios.

Ten en conta que existen moitos programas para construír Wikis e non hai un estándar en canto a como se deben facer as cousas que acabamos de ver, aínda que o funcionamento adoita a ser similar. O programa que dá soporte á Wikipedia chámase MediaWiki pero hai outros como Wikispaces, phpWiki, etc. que poden empregar outras regras de formato e edición, como veremos nas seguintes prácticas.